

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Esta programación elaborase a partir do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Pero nesta programación tense en conta a realidade educativa do noso centro, as características do alumnado e a súa contorna. Na medida do posible, procurárase unha atención individualizada adaptándose ao ritmo particular de cada alumno/a, traballando en colaboración coas familias.

O CPI de Atios sitúase no Concello de Valdoviño e a el asisten 500 alumnos e alumnas aproximadamente, que proceden das diferentes parroquias que conforman o concello, así como doutros concellos limítrofes. Atendendo á realidade sociolingüística, pódese concluír que a lingua materna da maioría do alumnado é o castelán, polo que se pretende favorecer, ademais dunha competencia do alumnado na súa lingua materna, tamén o uso da lingua galega e o inglés, tendo en conta a lexislación vixente ao respecto. No que respecta ao 1º e 2º curso de EP existen dúas liñas en cada un dos cursos, nos que hai alumnado que precisa de apoio, tanto por parte do profesorado como dos especialistas de PT e AL.

As materias de CS e CN configúranse neste curso como un proxecto interdisciplinar, buscando propostas que garden unha estreita relación coa realidade do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Anacos de verán	<p>Esta UD servirá de avaliación inicial. O alumnado deberá traer ao colexio un recordo do seu verán: foto, debuxo, obxecto... e falará ao grupo das súas vacacións. Posteriormente cada un realizará unha frase ou pé de foto relacionado coas súas vacacións (con ou sen axuda) e o expoñeremos no cortizo do corredor.</p> <p>Ao longo do desenvolvemento dos diferentes proxectos e UD teranse en conta aspectos como a búsqueda de información, a comunicación de resultados, o traballo en equipo, a toma de decisións... aspectos que se relacionan principalmente co Bloque 1 tanto de CN como de CS.</p>	5	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O mundo que nos rodea	<p>Nesta UD traballaremos o Bloque 3 de Ciencias Sociais, Vivir en sociedade (familia, escola, Concello, actividades profesionais da cortorna) e conceptos do Bloque 2 de CN, moi centrado na contorna (Lagoa e Praia de Valdoviño...). Incluirase aquí tamén o Bloque 2 de CS (elementos do medio, vida sostible...).</p> <p>Ao longo do desenvolvemento dos diferentes proxectos e UD teranse en conta aspectos como a búsqueda de información, a comunicación de resultados, o traballo en equipo, a toma de decisións... aspectos que se relacionan principalmente co Bloque 1 tanto de CN como de CS.</p>	25	20	X		
3	Materias, forzas e enerxía	<p>Investigaremos sobre os distintos efectos das forzas usando diferentes materiais, sobre todo materiais de refugallo. Abarcará o Bloque 3 e 4 de CN.</p> <p>Ao longo do desenvolvemento dos diferentes proxectos e UD teranse en conta aspectos como a búsqueda de información, a comunicación de resultados, o traballo en equipo, a toma de decisións... aspectos que se relacionan principalmente co Bloque 1 tanto de CN como de CS.</p>	25	10		X	
4	O corpo humano	<p>Centrarémonos nas partes do corpo, órganos dos sentido e órganos implicados nas funcións vitais e hábitos saudables. Está relacionado co Bloque 2 de CN.</p> <p>Ao longo do desenvolvemento dos diferentes proxectos e UD teranse en conta aspectos como a búsqueda de información, a comunicación de resultados, o traballo en equipo, a toma de decisións... aspectos que se relacionan principalmente co Bloque 1 tanto de CN como de CS.</p>	25	20			X
5	O paso do tempo	<p>Traballarase a medida do tempo así como acontecementos destacados. Esta UD está relacionada co Bloque 4 de CS.</p> <p>Ao longo do desenvolvemento dos diferentes proxectos e UD teranse en conta aspectos como a búsqueda de información, a comunicación de resultados, o traballo en equipo, a toma de decisións... aspectos que se relacionan principalmente co Bloque 1 tanto de CN como de CS.</p>	20	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Anacos de verán	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información de forma moi guiada.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.

UD	Título da UD	Duración
2	O mundo que nos rodea	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información de forma moi guiada.	TI	100
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Participa na elaboración do calendario mensual.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Participa nas actividades.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Participa na reciclaxe na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recolle información de forma moi guiada sobre o Samaín.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Participa nas actividades, recantos, na recollida e nos xogos (aula e patio) independentemente dos/as compañeiros/as que lle correspondan.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identifica algunhas institucións próximas (Centro de Saúde, Casa da Cultura, Casa do Concello e policía Local) e valora unha das súas funcións.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Cumpre as normas cando nos desprazamos á Casa da Cultura (cruza polos pasos de peóns, vai pola beirarrúa e as normas básicas de convivencia en espazos públicos).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	Materias, forzas e enerxía	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Participa nas preguntas de ¿Que queremos saber?	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa nas actividades do proxecto.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Formula preguntas sobre o proxecto e mostra curiosidade		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Participa nas actividades, recantos , na recollida e nos xogos (aula e patio) independentemente dos/as compañeiros/as que lle correspondan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista.

UD	Título da UD	Duración
4	O corpo humano	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utiliza, de forma guiada, os recursos dixitais da aula.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información de forma moi guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Cumpre os acordos do seu grupo de traballo.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Participa nas actividades, recantos , na recollida e nos xogos (aula e patio) independentemente dos/as compañeiros/as que lle correspondan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista.

UD	Título da UD	Duración
5	O paso do tempo	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información de forma moi guiada.	TI	100
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Participa nas actividades, recantos , na recollida e nos xogos (aula e patio) independentemente dos/as compañeiros/as que lle correspondan.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordena feitos nunha liña do tempo.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Participa nas actividades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Remitímonos ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. Neste Centro:

- Poñerase especial énfase na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.
 - A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
 - A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.
 - A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera formato e soporte.
 - Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.
 - Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Dende as área de lingua galega e lingua castelá colaborárase no desenvolvemento dos proxectos.
 - Teranse en conta as ferramentas dixitais dispoñibles no centro potenciando o seu uso e espírito crítico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla interactiva.
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas.
Altosfalantes
Aula Virtual
Páxina web do centro
Material funxible aportado polo alumnado
Material diverso aportado polo profesorado e alumnado para axudar na realización dos proxectos.
Xogos didácticos.
Recursos e espazos da contorna.
Recursos persoais.

- Recursos matemáticos: Empregarase o libro de textos así como materiais manipulativos.
- Recursos lingüísticos: Entre outros empregaranse diferentes tipoloxías textuais de uso social.
- Xogos didácticos: empregaranse material lúdico para reforzar as aprendizaxes.
- Tecnoloxías da información e comunicación: Destaca a pantalla interactiva, que servirá para complementar as explicacións, acceder a información, realizar xogos educativos... A aula virtual poderase empregar tamén en caso necesario.
- Outros materiais e espazos do centro: A maiores do material da aula, existen outros recursos materias no centro (na biblioteca, dotación de Polos creativos, materiais de laboratorio...) dos que se poderá facer uso. Teranse en conta tamén outros espazos fóra da aula e incluso do centro que favorecerán o proceso de ensino aprendizaxe, como o patio, os corredores, a biblioteca, museos, a contorna...
- Recursos persoais: O profesorado con dispoñibilidade horaria, os especialistas de PT e/ou Audición e Linguaxe, así como outros especialistas de aula, DO e mesmo recursos externos ao centro (gabinetes psicopedagóxicos...) son tamén fundamentais, ademais de necesaria unha coordinación con eles.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Antes do comezo das clases revisamos os informes individualizados do noso alumnado e tamén nos entrevistamos co persoal titor do curso pasado en 6º de Ed Infantil.

Durante o mes de setembro realizamos o proxecto "Anacos de verán" e imos recollendo datos para a avaliación inicial do noso alumnado.

Prestamos especial atención á integración no grupo do alumnado de nova incorporación.

O que máis nos interesa é localizar o nivel de lectoescritura no que se atopan e a actitude e participación no proxecto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	25	25	25	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Todos os CA da presente PD serán avaliados por diferentes tipos de táboas de indicadores, sobre todo por rexistros de observación directa por parte do profesorado.

A nota trimestral, segundo as UD repartirase así:

- 1º Trimestre: UD1 20%; UD2 80%

- 2º Trimestre: UD3 100%

- 3º Trimestre: UD4 70% ; UD5 30%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º Trimestre: 30%

-2º Trimestre: 30%

-3º Trimestre: 40%

Cando a cualificación sexa unha cifra con decimais aplicarase o seguinte:

a) Se os decimais non pasan de 49 a nota será o mesmo número sen decimais.

b) Se os decimais pasan de 49 a nota será o número enteiro seguinte.

En calquera caso, se por análise da Xunta de Avaliación argumentábase que pola progresión do alumnado e atendendo a razóns pedagóxicas, non procede aplicar o anterior, prevalecerá sempre a decisión tomada na Sesión de Avaliación.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos no seguinte trimestre.

En cada avaliación informarase aos pais/titores legais do alumnado dos resultados obtidos, especificando aqueles mínimos que precisa acadar.

Segundo o disposto no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria en Galicia, "o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior". Igualmente, o proceso de reforzo farase efectivo no momento no que se aprecien dificultades por parte do alumnado. Este reforzo realizarase con profesorado con dispoñibilidade horario e, de ser necesario, co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe se así se valora nas sesións de avaliación por parte do profesorado e do Departamento de Orientación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade que se terán en conta para o presente curso escolar son as que veñen determinadas pola Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia. Entendemos por medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e nas concrecións anuais de dito plan.

Tal e como se recolle no artigo 8 do Decreto 229/2011, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade

todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos non dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Entre as medidas de carácter ordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- A adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- A adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno. - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirigidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Entre as medidas de carácter extraordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar. - Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas.

Esta escolma de medidas de atención á diversidade é un reflexo daquelas que se poderán desenvolver nalgún momento da etapa, mais non teñen porque desenvolverse todas elas de non darse as circunstancias que se contemplan na lexislación pertinente. Estas medidas son susceptibles de seren ampliadas no caso de ser necesarias para a inclusión educativa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

E posto que non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, faranse actividades a distinto nivel, como por exemplo as seguintes:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para o alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Recantos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe porase en coñecemento do Departamento de Orientación para decidir e organizar as medidas oportunas (Reforzo educativo, ACI, apoio PT...).

No caso de alumnado con altas capacidades deseñaranse actividades de ampliación seguindo as indicacións do Departamento de Orientación.

De haber alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: se é necesario solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular e adoptar as medidas adecuadas. Se non se precisa esa valoración traballarase na comunicación utilizando os medios tecnolóxicos dispoñibles (tradutores,...)e facendo máis fincapé nas imaxes e na mímica.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño (maiúscula e minúscula), priorización dalgunha das linguaxes ou formas de comunicación (oral, escrita, visual ou táctil).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e de emprendemento	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X

Observacións:

Todos os elementos transversais están presentes nas distintas UD aínda que algúns deles teñan un tratamento especial (o nº 6 e o 7) no 2º trimestre a través das conmemoracións do Día Internacional da Muller e do Día da Paz.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións recollidas no calendario escolar e outras celebracións no centro.	Participar nas actividades organizadas para todo o centro.	X	X	X
Saídas	Participar nas saídas organizadas polo Ciclo.	X	X	X
Casa da Cultura	Segundo a actividade.	X	X	X

Observacións:

- Participar nas celebracións organizadas polo Centro (Magosto, Entroido, Samaín, Maíos. . .) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...)
- Viaxes culturais e visitas que se organizarán o longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos nenos e nenas. Realizarase como mínimo unha saída trimestral.
- Acudir á Casa da Cultura para presenciar os actos culturais que se nos ofrezan.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Implicación do profesorado.
Adecuación dos obxectivos, contidos e metodoloxía ás características do grupo.
Revisión trimestral da PD.
Impartición de máis do 80% da materia.
Metodoloxía empregada
Planificación das tarefas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Distribución de tempos (cumpriuse a temporalización...), recursos e espazos.
Participación de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Ambiente de traballo e participación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Organización e coordinación de ciclo.
Implicación das familias.
Transmisión de información ao persoal docente titor.

Descrición:

Xuntanza co persoal docente especialista.

Nas sesións de avaliación valoraranse todos estes indicadores.

Estes indicadores poderán variar en función do que se decida na Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro.

A valoración que se fai de cada un dos indicadores de logro mencionados con anterioridade recibirá unha valoración

nunha escala de 1 a 4 puntos, sendo 1 a nota máis baixa e 4 a nota máis alta.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre revisarase a PD no apartado correspondente do Proens, nas Reunións de Coordinación de Ciclo e nas Sesións de Avaliación.

Nestas reunións recolleranse as distintas Propostas de Mellora e Observacións sobre a PD, que permitan adecuar a programación ás necesidades que vaian xurdindo na aula.

Posto que unha programación de aula debe ser aberta e flexible, este documento recolle unha proposta organizativa que poderá sufrir modificacións co fin de atender aos intereses e necesidades xurdidas na aula durante a súa aplicación.

9. Outros apartados